

CURSO DE MONITOR DE ACTIVIDADES DE TEMPO LIBRE

O DESENVOLVEMENTO DO CURSO

O curso de **Monitor de Actividades de Tempo Libre** que inicia a Escola de Tempo Libre Néboa se desenvolve dacordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro (DOGA 10/03/2000), que refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, regula as Escolas de Tempo Libre, así coma os programas de formación que se van impartir nas mesmas. É este decreto, modificado posteriormente nalgúns puntos con outros regulamentos, o que estipula os requisitos para a matrícula (maior de 18 anos, título de graduado escolar ou equivalente), a duración do curso e a súa estruturación en dúas fases (teórica e práctica), as materias a impartir, ...

FASES DO CURSO

Este curso consta de **dúas fases**:

- a) Fase **teórico-práctica** cunha duración de 200 horas lectivas.

Esta fase se desenvolverá en fins de semana e días festivos, dende o 28 de febreiro ata o 18 de xuño de 2.025, en cada un dos cales se tratarán os seguintes módulos: psicoloxía e dinámica de grupos, socioloxía, alimentación e nutrición en tempo libre, contacontos, educación no tempo libre, metodoloxía e programación, primeiros auxilios, técnicas de campismo e excursionismo, lexislación, seguridade en tempo libre, asociacionismo, recursos e axudas, animación, expresión plástica, expresión dramática, animación deportiva e educación ambiental. Estas clases serán impartidas na Casa da Cultura do concello de Pontedeume. Parte das materias serán on line (ver no calendario) o cal implicará ler unha serie de materiais e contestar unhas preguntas relativas á lectura realizada (as materias on line, aínda que teñan datas asignadas no calendario poden prepararse no momento que o alumno/a considere e as repostas Terán que estar entregadas como moi tarde o día 18 de xuño).

A asistencia a todos os módulos presenciais é obligatoria o cal quere dicir que non está permitido faltar a un módulo completo, aínda que sí é posible faltar ó curso sempre e cando non se superen as 20 horas de faltas (dentro das cales entrará todo posible imprevisto: enfermidade persoal, enfermidade grave dun familiar, traballo, ...); con todo deberá terse en conta que a asistencia ó curso e a actitude con respecto a esta é un dos puntos a ter en conta na avaliación por parte dos mestres.

Unha das materias, técnicas de campismo e aire libre, se desenvolverá nun sábado na área recreativa de Vilarbó (As Pontes) posto que nel se van impartir coñecementos de orientación, montaxe de tendas, ...

Para a materia de animación deportiva deberedes traer chándal e calzado cómodo porque ides correr e facer xogos.

O horario do curso é o establecido no inicio do mesmo, sábado pola mañá de 9:30 a 14:30 e sábado pola tarde de 16:30 a 20:30, e domingo pola mañá de 9:30 a 14:30 e non sufrirá modificación algunha no transcurso das clases quedando totalmente excluída a posibilidade de trasladar clases ao domingo pola tarde; a escola se reserva o dereito a cambiar a orde das materias en función das necesidades da escola pero respetando sempre o calendario establecido.

A fase teórica será avaliada nun 60 % polas observacións dos mestres que imparten o curso, en base a criterios tales como asistencia, puntualidade, integración, participación, ... e nun 40% por un exame teórico que terá lugar ó final desta fase.

Esta fase non se considera rematada en tanto non se entregue o proxecto que no transcurso da área de programación se ensinará a elaborar; tal entrega deberá facerse como moi tarde o día do exame, o 2 de xuño (de non respetar o prazo non se recollerá o proxecto).

*b) Fase **práctica**, que se realizará unha vez rematada e superada a fase anterior, nun prazo de dous anos a partir da entrega do apto teórico. Isto quere dicir que a fase práctica deberá estar rematada antes de xuño de 2.027.*

Tedes dúas opcións para as prácticas:

- 1. A que vos aconsellamos a todos, consiste en facer 150 horas/14 días de actividade intensiva en campamentos, campos de traballo, campamentos urbanos, ... nunha das actividades de tempo libre xestionadas pola escola de tempo libre Néboa O traballo a desenvolver nun campamento será a de facerse cargo dunha das actividades do campamento (obradoiro de artesanía, animación, xogos populares, xockey, ...) normalmente acompañado dun monitor experto e colaborar en tódalas actividades que fan posible o funcionamento do campamento (cociña, limpeza, gardías, ...), tal e como calquera outro monitor xa veterán.*
- 2. A segunda opción sería a de facer prácticas no local da escola de tempo libre colaborando no deseño das actividades de tempo libre que se programan na entidade ao longo de todo o ano.*

En calquera dos casos, as prácticas non poden ser remuneradas e será imprescindible a comunicación do lugar das prácticas antes do inicio das mesmas, así como a entrega dunha memoria sobre o traballo realizado ó finalizar as prácticas (o contido e o proxecto se especificará na materia de planificación no transcurso do curso) antes de xuño de 2027- tede en conta que nesta data a escola ten que ter



completados os trámites do título, por iso a entrega da memoria ten que ser como mínimo, un mes antes.

TITULACIÓN

Logo de ter superadas satisfactoriamente ámbalas dúas fases obtérase o título de **Monitor de Actividades de Tempo Libre**, expedido pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.

Este título capacita para a realización de actividades socio-culturais e recreativas, tanto en tempo libre urbano como na natureza.

A TER EN CONTA

No transcurso da realización da fase teórica do curso queda terminantemente prohibido o emprego do teléfono móbil durante as clases teóricas; eso inclúe a realización de fotografías e vídeos e a difusión dos mesmos, posto que o curso de monitor de tempo libre é una actividade da escola de tempo libre Néboa e por tanto é ela a responsable da difusión de calquera material deste tipo. Puntualmente, se os mestres o consideraran de interese ou os propios alumnos, sempre co consentimento de todos, poderían quitar fotografías e vídeos, sempre e cando os alumnos teñan asinada a consabida autorización, para que sexan difundidas entre os propios alumnos.

No que se refire á fase práctica, se permite só a realización de fotografías (non de vídeos) naquelas actividades directamente relacionadas coas prácticas co fin de empregalas nunha memoria fotográfica da actividade que se lle entregará á escola Néboa, sempre e cando as persoas que saian na foto teñan asinada a correspondente autorización, e queda terminantemente prohibida a difusión de tales fotografías, así como a realización e difusión de vídeos.

A escola de tempo libre Néboa é unha entidade sen ánimo de lucro que traballa con persoal voluntario, non é unha empresa, razón pola cal non ten unha oficina aberta as 24 horas do día na que poder atender aos alumnos a calquera hora; ademáis esta escola forma parte dunha asociación que realiza diversas actividades polo que os seus responsables non poden atender de xeito inmediato as peticións dos seus alumnos. Con todo, a escola procura ter un horario o máis estable posible de atención ao público (luns a venres de 17:30 a 21:00) que non inclúe o período de verán de xullo e agosto porque todo o persoal de Néboa está atendendo os seus campamentos. Con todo, tamén no verán somos accesibles a través do correo electrónico e o wats ap.



DATOS DE INTERESE

TELÉFONOS DE CONTACTO:

646 156 421: M^a José Ruán

(directora da escola)

**981 34 76 90 (só polas tardes): Asociación
Néboa**

669 111 183: Begoña Balsa

(directora da asociación)

CORREO ELECTRÓNICO:

escola@neboa.org

Concellería de Servizos sociais do concello de Pontedeume

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

D.X de Xuventude e Voluntariado



CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE

PASOS E DATAS A TER EN CONTA NA
REALIZACIÓN DO CURSO

1. FASE TEÓRICA DO CURSO: marzo a xuño de 2.025

Asistencia regular, sen exceder as 20 horas de faltas permitidas, e asistindo a todos os módulos

2. REALIZACIÓN DO EXAME E ENTREGA DO PROXECTO:

o exame terá lugar o 18 de xuño; o proxecto e traballos on line recolleráanse ata o 18 de xuño como data tope

3. REUNIÓN DE AVALIACIÓN DA FASE TEÓRICA DO CURSO E ENVÍO DA COMUNICACIÓN DE APTOS/NON APTOS:

Antes do 20 de xuño

4. REALIZACIÓN DA FASE PRÁCTICA: ata maio/xuño de 2.027

Previa comunicación coa escola Néboa antes do inicio

5. ENTREGA DA MEMORIA: ata maio/xuño de 2.027; Enviar a escola@neboa.org

TRAMITACIÓN DO TÍTULO POR PARTE DA ESCOLA NÉBOA: Se vos enviará por correo previo pago taxas correspondentes